

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE XULIO CAMBA
CURSO: 5º EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Obxectivos e criterios de avaliación.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. OBXECTIVOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL

Criterio de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> - Ten unha boa coordinación de movementos. - Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio. 	<ul style="list-style-type: none"> - Acadar cada vez unha maior precisión de xestos e movementos.
<ul style="list-style-type: none"> - Actúa autonomamente. - Soluciona autonomamente as necesidades que xurden durante o xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e respecta as normas da escola 	<ul style="list-style-type: none"> - Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
<ul style="list-style-type: none"> - Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas. - Acepta as regras dos xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuar o propio comportamento ás necesidades das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración.
<ul style="list-style-type: none"> - É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> - Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente nas actividades e tarefas. - Esfórzase na realización das tarefas. - Recolle e coloca obxectos habituais da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> - Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Criterio de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> - Asocia algúns números coas cantidades que representan. 	<ul style="list-style-type: none"> - Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordeando, comparando, cuantificando, medindo, pesando...

- Ten curiosidade por todo o que o rodea.	- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas e amosando interese polo seu coñecemento.
- Gústalle compartit xogos cos compañeiros e compañeiras. - Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.	- Relacionarse cos outros, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social.
- Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade.	- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e cultura galega.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	
Criterio de avaliación	Obxectivos
- Participa activamente nas conversas da aula. - Fai achegas coherentes ás conversas en grupo. - Usa frases de construción sinxela.	- Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de disfrute.
- É quen de solicitar axuda verbalmente cando a precisa.	- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos.
- Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información. - Recoñece o nome dos compañeiros e compañeiras.	- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos e palabras significativas.
- Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente.	- Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e de pracer.
- Traballa con interese con calquera tipo de material.	- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desenvolvendo un sentimento de confianza nas propias produción.
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.	- Achegarse ó coñecemento e emprego das TIC.: ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo... como ferramentas de expresión, comunicación e disfrute.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: revisión dos informes do 1º e 2º trimestre.
	Instrumentos: - fichas impresas de repaso e reforzo dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre. - tarefas semanais subidas á aula virtual da páxina web do colexio.
Cualificación final	A avaliación en Ed. Infantil basease na observación directa da realización das actividades propostas. Teranse en conta os resultados obtidos nas avaliacións do 1º e 2º trimestre e as actividades de repaso/reforzo propostas ás familias.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Presentaranse actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre. As actividades terán un enfoque globalizado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Semanalmente súbense as tarefas á aula virtual do colexio no apartado de 4 anos. - As familias que non dispoñen de dispositivos e medios tecnolóxicos teñen a opción de recoller as tarefas impresas na librería local. - O contacto cas familias establécese a través de abalarmóbil e nalgún caso concreto por correo electrónico ou chamada telefónica. - Temos unha relación fluída a través dos distintos medios descritos. As fichas trátanse de propostas coa finalidade de facilitarlles e poñer así á disposición das familias recursos ós que poder acceder facilmente no caso de optar por levalas a cabo.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Fichas impresas de repaso de contidos e actividades. - Enlaces de páxinas web de suxerencias na web do colexio. - Aula virtual. - Materiais de refugallo que teñan polas casas para a realización das actividades. - Videos en colaboración mestres-alumnos subidos na web do colexio.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Web do centro, aula virtual, abalarmóbil, correo electrónico, teléfono.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.